

Problema232: Considere a configuración electrónica: $1s^2 2s^2 2p^6 3s^2 3p^6 3d^8 4s^2$.

(a) A que elemento corresponde?

(b) Cal é a súa situación no sistema periódico?

(c) Indique os valores dos números cuánticos do último electrón.

(d) Nomee dous elementos cuxas propiedades sexan semellantes a este. Razona as respostas.

a) Se o átomo é neutro ten tantos electróns como protóns, corresponde ao elemento de número atómico 28, o **níquel, Ni**.

b) O número cuántico principal máis alto que presenta é 4, está no **período 4**. A suma dos electróns do orbital 4s e dos orbitais 3d indica que está no **grupo 10**.

c) Se é un dos electróns do orbital 4s poden ser: $(4, 0, 0, \pm\frac{1}{2})$, xa que ten que ser $l=0$ e $m=0$

d) Paladio, Pd e platino, Pt, xa que se atopan na súa mesmo grupo.